

## O Proxecto Lugares salienta o valor das comunidades locais, da experimentación e da hibridación de disciplinas á hora de transformar, dun xeito sostible, o Camiño de Santiago

A iniciativa, impulsada pola Xunta de Galicia e pola Fundación “La Caixa”, celebra este martes en Palas de Rei a primeira xornada dun espazo de debate e pensamento no que participan máis de vinte profesionais da arquitectura, da paisaxe, do deseño, da artesanía e da comunicación

O seminario continuará mañá mércores 19 coa presentación dunha serie de boas prácticas á hora de deseñar e realizar novas intervencións no espazo público polo que transita o Camiño de Santiago

A alcaldesa de Larouco e a directora da Axencia Turismo de Galicia recibirán mañá pola tarde, nas covas de Seadur, ao grupo de expertas que traballará durante toda a semana na comarca de Valdeorras

Palas de Rei, 18 de abril de 2023.- O Castelo de Pambre acolle este martes 18 a apertura do **Proxecto Lugares**, unha iniciativa innovadora impulsada pola Xunta de Galicia e pola Fundación “La Caixa” para transformar, dun xeito colaborativo e sostible, o espazo público do Camiño de Santiago. Ao longo de toda esta semana, e nun ámbito de actuación que abrangue os municipios de Palas de Rei e Larouco, **máis dunha vintena de profesionais da arquitectura, da paisaxe, do deseño e da artesanía** debatirán, pensarán e deseñarán, da man da **comunidade local da Ulloa e de Valdeorras**, posibles intervencións para implantar no territorio.

A comisaria da iniciativa, **Natalia Balseiro**, salientou esta mañá o carácter innovador do proxecto, tanto pola **mirada transdisciplinar** do mesmo -que aúna nun mesmo proceso arquitectura, paisaxe, deseño, artesanía, comunicación e mediación- como da **metodoloxía** aplicada desde a súa concepción. “Un dos principais valores do proxecto reside no seu proceso ou desenvolvemento. A innovación desde a conversa, o pensamento, a investigación e práctica ou mesmo desde a publicación dos resultados deste traballo, coa intención, ademais, de que se poida replicar noutros lugares ou momentos”. Neste sentido, Balseiro destacou o **carácter cultural de Proxecto Lugares e a súa implicación co territorio**. “Entendemos a cultura como unha ferramenta para xerar e afianzar os lazos entre as comunidades. E con Lugares queremos precisamente relacionar ás expertas coas axentes locais para implicalas na transformación do territorio que habitan”, afirmou.

O tenente de alcalde de Palas de Rei, Amador Sande, a responsable territorial da Fundación “La Caixa”, Susan Santos; e a secretaria territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Marta Barreiro, foron as responsables de dar a benvinda ás e aos asistentes ao seminario. Ao longo da mañá sucedéronse as intervencións de expertas e expertos. Foi o caso do director da Fundación Juana de Vega, **José Manuel Andrade**, quen defendeu a oportunidade que supón o Camiño de

Santiago para o desenvolvemento das áreas rurais. Concretamente, Andrade defendeu “a alta calidade paisaxística” das zonas polas que decorre a ruta xacobeá “grazas á actividade agrícola e gandeira” posta en marcha pola veciñanza que se dedica á gandeiría, e que definiu como “os xestores do territorio”. “Hoxe en día o 50% das explotacións agrarias están dirixidas por persoas dunha media de idade de máis de 60 anos. O reto para manter e preservar esta calidade paisaxística en Galicia é o relevo xeracional. O Camiño pode contribuír á sostibilidade social dos territorios e revalorizar o rural”, aseverou o experto.

Pola súa banda, a bioenxeñeira e paisaxista **Paola Sangalli** apuntou á necesidade de pensar na beleza á hora de repensar e recuperar a paisaxe tanto en áreas rurais coma urbanas. Neste sentido, avogou por solucións sostibles e baseadas na natureza, “que son as que realmente nos permitirán facer fronte aos desequilibrios ou desafíos como o da emerxencia climática”. Pola súa banda, a mediadora cultural **Amparo Moroño** avanzou, na súa ponencia, que a paisaxe é un espazo de pensamento, no que traballar coas e cos artistas, pero moi especialmente coas e cos habitantes do territorio, “quen realmente constrúe a propia paisaxe”. “O diálogo cultural, as prácticas artísticas colaborativas e o pensamento colectivo son partes fundamentais da metodoloxía dos procesos de mediación no territorio para favorecer a súa transformación”, dixo.

A primeira xornada do Seminario do Proxecto Lugares conta con catro mesas redondas, que abordan diferentes intervencións arquitectónicas, paisaxísticas e artísticas contemporáneas no espazo público do Camiño de Santiago. Na primeira delas, titulada *Achegamentos, referencias, técnicas e perspectivas desde as diferentes linguaxes da arquitectura, da artesanía, da paisaxe e do deseño*, estivo moderada pola xornalista de El País e historiadora da arte **Anatxu Zabalbeascoa** e contou coa presenza e as experiencias achegadas pola paisaxista **Paola Sangalli**, a artesá **Inés Rir**, a arquitecta e mediadora **Maé Durant** e a deseñadora **Uqui Permui**. A beleza e a ética do sostible, a xeración de espazos que coiden das persoas ou a participación directa por parte da veciñanza nos proxectos de transformación no espazo público foron algunhas das liñas destacadas desta mesa.

Durante toda a xornada abordaranse cuestións como *Achegamentos ao patrimonio desde a arquitectura*, na que conversarán **Ariadna Cantis** (comunicadora e arquitecta), **Carlos Pita** (arquitecto), **Pedro Calaza** (director da Escola Galega de Paisaxe) e **Paola Sangalli**; ou *Linguaxes, escalas, materiais. Un camiño cara á sostibilidade*, con **Ana Amado** (arquitecta), **Izaskun Chinchilla** (arquitecta), **Carlos Seoane** (arquitecto) e **Verónica Moar** (artesá). Finalmente, **Ariadna Cantis** (comunicadora e arquitecta), **Estelle Jullian** (artista), **María Fandiño** (arquitecta) e **Julia de la Cal** (artesá) falarán arredor das intervencións situadas, a conexión co territorio e coas comunidades locais.

## **Segunda xornada de seminario e inicio do taller en Seadur**

Este mércores, 19 de abril, o Castelo de Pambre acollerá -en horario de mañá- a segunda xornada do seminario. Xa pola tarde, o grupo desprazarase até a comarca de Valdeorras, concretamente ao concello de Larouco, no que o xoves 20 dará comezo o taller do Proxecto Lugares nas covas de Seadur. Á súa chegada, contra ás 18.00 horas, as e os participantes serán recibidos pola alcaldesa do municipio, Patricia Lamela, e a directora da Axencia Turismo de Galicia, Nava Castro.

## AXENDA MÉRCORES 19 DE ABRIL (SEMINARIO EN PALAS DE REI)

10:00-11:15 h	<p><i>Presentación de proxectos de boas prácticas de arquitectura, deseño, artesanía e paisaxe</i></p> <p>Introduce <b>Maé Durant</b>. Interven: <b>Carlos Seoane</b>. O'Banco do Piñeiro e Lavadoiro de Ribeira. <b>Carlos Pita</b>. Proxecto Centro de Interpretación Castromaior Portomarín. <b>Verónica Moar</b>. Instalación site-specific Porto de A Coruña. <b>Santiago Besteiro</b>. Proxecto Chantos.</p>
11:15-11:45 h	Pausa de descanso - café.
11:45-13:00 h	<p><i>Presentación de proxectos de boas prácticas.</i></p> <p>Introduce <b>Ariadna Cantis</b>. Interven: <b>María Fandiño</b>. Explanada no horizonte. <b>Estelle Jullian</b>. Proxecto <i>El Hilo</i> no Camiño Primitivo. <b>Julia de la Cal</b>. Cabañas e iglús de mimbre. <b>Amalia Puga</b>. Proxecto Entre Redes.</p>
13:00-14:00 h	Conclusións finais, despedida e peche.

## AXENDA 19 DE ABRIL (TALLER EN SEADUR, LAROUCO)

18:00-20:00 h	<p>Encontro en Seadur. Recibimento por parte da alcaldesa de Larouco, <b>Patricia Lamela</b>, a directora da Axencia Turismo de Galicia, <b>Nava Castro</b>, os <i>coveiros</i> e <b>Carina Rodríguez</b>, arquitecta técnico especialista na arquitectura del viño e quen guiará ao grupo polas tipoloxías de covas. Presentación do espazo no que se fará o taller e presentación da dinámica do mesmo e do territorio por parte da mediadora local <b>Cristina de la Torre</b>. Viño de benvida con viños da Denominación de Orixe Valdeorras elaborados en bodegas de Seadur.</p>
20:00 h	Fin da xornada.

## KIT DE PRENSA PROXECTO LUGARES

[https://drive.google.com/drive/folders/1Y8p5bQuUxuy6oailvvo89O3SCtB7hAE3?usp=share\\_link](https://drive.google.com/drive/folders/1Y8p5bQuUxuy6oailvvo89O3SCtB7hAE3?usp=share_link)

## CONTACTO DE PRENSA

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)